

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**3648** *Real decreto 151/2016, do 15 de abril, polo que se modifica o Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017.*

O artigo 16.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o número máximo de coroneis será de 1.050. Nesta cifra están comprendidos os coroneis dos corpos específicos dos exércitos e os coroneis dos corpos comúns das Forzas Armadas.

O artigo 16.3 da mesma Lei 39/2007, do 19 de novembro, establece que o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para períodos cuadrienais os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas e empregos dos militares de carreira, excepto os correspondentes aos dous primeiros empregos, cuxos efectivos serán os que resulten das provisións de prazas e da aplicación do sistema de ascensos por antigüidade, e que o Goberno informará as Cortes Xerais cada vez que aprobe un real decreto de desenvolvemento de cadros de persoal.

Aínda que a disposición transitoria primeira da Lei 39/2007, do 19 de novembro, establece que os efectivos máximos previstos no seu artigo 16.2 de oficiais xenerais e coroneis se deberían alcanzar antes do 30 de xuño de 2013, a disposición adicional décimo quinta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, autorizou o Goberno para estender até o período cuadrienal de cadros de persoal 2013-2017 o proceso de axuste establecido na citada disposición transitoria.

Co propósito de reducir o número de coroneis até alcanzar os efectivos máximos autorizados no artigo 16.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, na data do 30 de xuño de 2017, os cadros de persoal regulamentarios de coroneis do corpo xeral e do corpo de intendencia do Exército de Terra para o período 2013-2017, fixados polo Real decreto 386/2013, do 31 de maio, prevén que no último ciclo de ascensos se amorticen as prazas de trinta e seis coroneis do corpo xeral e tres do corpo de intendencia.

As reducidas dimensións do corpo de intendencia, unidas ao esforzo de amortización de vacantes para o emprego de coronel nos tres ciclos de ascenso precedentes, provocaron unha significativa diminución do número de vacantes de ascenso a coronel previstas no ciclo 2016-2017, ao mesmo tempo que un atraso na idade de ascenso, o que fai aconsellable redistribuír o esforzo de redución do número de coroneis entre o corpo xeral e o corpo de intendencia do Exército de Terra. Este esforzo é asumible polo corpo xeral, ao ser cuantitativamente superior en número; outorgará ao corpo de intendencia a posibilidade de proporcionar máis vacantes de ascenso no último ciclo do período cuadrienal de cadros de persoal, permitindo que se alcancen os obxectivos marcados para os ascensos por elección definidos no artigo 88.2, letra a), da Lei 39/2007, do 19 de novembro, que propón o ascenso ao emprego superior dos máis capacitados e idóneos, e, adicionalmente, contribuirá a paliar o envellecemento do persoal nos empregos de coronel e tenente coronel deste corpo.

O razoamento anterior concéntrase na necesidade de modificar os cadros de persoal regulamentarios de coroneis nestes dous corpos, de forma que se amorticen dúas vacantes máis no corpo xeral e se diminúan en igual número as vacantes amortizadas no corpo de intendencia, mantendo invariable o número máximo de coroneis previstos no Real decreto 386/2013, do 31 de maio.

Durante a súa tramitación, este real decreto recibiu informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o

artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento del ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da citada lei orgánica. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, emitiu informe o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2016,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do anexo ao Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017.*

Os cadros de persoal do Exército de Terra que figuran na epígrafe A do anexo do Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017, quedan modificados como segue:

Un. A táboa 1, corpo xeral, para o emprego de coronel, queda substituída pola que segue:

«Empregos	Escalas			
	Oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Coronel . . . . .	475	502	508	470»

Dous. A táboa 2, corpo de intendencia, para o emprego de coronel, queda substituída pola que segue:

«Empregos	Escalas			
	Oficiais			
	2013/2014	2014/2015	2015/2016	2016/2017
Coronel . . . . .	40	37	36	35»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de abril de 2016.

FELIPE R.

O ministro de Defensa,  
PEDRO MORENÉS EULATE